

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de outubro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día oito de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1094).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1095).- PROPOSTA PARA A CONCESIÓN/DENEGACIÓN DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2014. EXPTE. 95335/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 6.10.14, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

*I. ANTECEDENTES.*

*I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS*

PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: "Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética").

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Tránsito Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP nº 114, do 16.06.2014 e que finalizou o 14.07.2014, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes.

I.5. Polo órgano instructor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouse unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.800.000 €) divídese entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicou pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reserváronse 200.000 € para atender, nunha segunda resolución, ás posibles reclamacións que se presenten.

I.7. Así, das 1.971 solicitudes presentadas, 1.253 resultarían estimadas e 718 desestimadas. De acordo coa Base 14ª, o crédito total dispoñible dividirase entre a suma dos puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto, que multiplicárase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir. Así as cousas: 1.799.956,35 € (axuste á baixa de 1.800.000,00 €) / 13.029 puntos = 138,15 €/punto.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de multiplicar ese valor do punto polo número deles obtidos por cada beneficiario, en función dos seus ingresos e número de membros da unidade de convivencia.

I.8. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 30.09.2014).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas; o que se pon de manifesto para os efectos do indicado na Base 13.1. do Programa.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas extraordinarias e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI (NIE, pasaporte...) e a súa solicitude co número de documento do Rexistro de entrada no Rexistro xeral municipal. Nas concedidas, indicárase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte.

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificarse para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014». Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará a decisión que estime máis oportuna.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 3(1096).- PROPOSTA PARA O OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 11117/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 3.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.10.14, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de xullo de 2014, aprobáronse as bases reguladoras das "Subvencións para o fomento do emprego de entidade sin ánimo de lucro" para a ano 2014.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 133, do venres 11 de xullo de 2014, así como nos medios de comunicación escrita e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte a súa publicación no BOP (12 de xullo ao 21 de xullo), da que resultou a presentación das seguintes cincuenta e oito (58) solicitudes seguintes:

Nº	NOME ENTIDADE	CIF	Nº	NOME ENTIDADE	CIF
1	A.T.R.A	G36614725	30	ASOCIACIÓN INTEGRACIÓN	G94059755
2	A.V.C.D "SAN XURXO"	G36648988	31	ASOCIACIÓN XARUMA	G27746486
3	A.V.V CALVARIO	G36648293	32	AVCU-CSCR DE BEADE	G36632081
4	A.W. PRAZA DA MIÑOCA	G36842284	33	C.C.V.D. VIGOCENTRO	G27762434
5	A.W."O CARBALLO" SÁRDOMA	G36649325	34	CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	G36617082
6	ACLUXEGA	G94017829	35	CIG-UNIÓN COMARCAL DE VIGO	G36706927
7	AETRAVI	G36847861	36	CLUB CICLISTA VIGUÉS	G36650885
8	AFAVI-ASOCIACIÓN DE FUTBOL AFICIONADO DE VIGO	G36998227	37	COGAMI	G32115941
9	AGRUP. CENTROS CULTURAIS DE VIGO	G36791291	38	COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA	G36622652
10	AJEVIGO	G36905040	39	DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	G36697324
11	APAMP. ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	G36624120	40	EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	G20486825
12	ASETRANSPO	G36627719	41	F.P.R. "EL OLMO"	G36704666
13	ASIME	G36614774	42	FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA -FEAFES	G15545353
14	ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	43	FEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE FORMACIÓN, CECAP GALICIA	G15299027
15	ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	44	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE COMERCIO DE PONTEVEDRA	V36636959
16	ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	G36657336	45	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA	G36614907
17	ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	G36645885	46	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	G15859911
18	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVESAS	G36712701	47	FUNDACIÓN CIP	G15849318
19	ASOCIACIÓN DIVERSIDADES	G27783950	48	FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	G15864663
20	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	G36849883	49	FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524
21	ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA TUY-VIGO	R3600368 I	50	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	G24452435
22	ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO	G27800861	51	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	G80468416
23	ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	G36837433	52	FUNDACIÓN LUIS TILVE	G15169949
24	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	53	FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	G27722883
25	ASOCIACIÓN FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA-AFAGA	G36776920	54	INSTALECTRA	G36640845
26	ASOCIACIÓN FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN	G27728658	55	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	V36840726
27	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FIADEIRO	G36812204	56	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ	G36620854
28	ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA AS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691	57	SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO (SGDCP)	G27762921
29	ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPREENDEDORES (AGAEMP)	G27708379	58	UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	G15383011

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen unha financiación da mesma por unha cuantía total de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros) 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, e distribuída en cinco (5) programas conforme á distribución seguinte:

- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (ciento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.  
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.
  - Programas II “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.  
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.
  - Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.  
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.
  - Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.  
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.
  - Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL” do vixente exercicio presupostario.
- O concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, con data 20/08/2014, conforme ao establecido na cláusula décimo primeira, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo co apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe servizo
	Suplente	Elisa Casal Prieto	Técnica de emprego
Vogal 2	Titular	Ana M <sup>a</sup> Mouriz Martínez	Coordinadora
	Suplente	Sonia Rodríguez Ricart	Técnica Xestión Económica

- A Comisión de valoración en xuntanzas de data 22/08/2014, 15/09/2014 e 26/09/2014, conforme á información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder as mesmas, procedendo a realizar a avalización das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus componentes a que se achega xunto co expediente, e que de xeito resumido acordou o seguinte:

- *Desestimar as seguintes solicitudes:*

ASOCIACIONES CON EPÍGRAFE QUE NON SE CORRESPONDE COS RELACIONADOS NAS BASES			
Nº Expdte.	Epígrafe RMA	NOME ENTIDADE	CIF
11029/77	9.1	ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	G36657336
11063/77	0.0	ASOCIACIÓN INTEGRACIÓN	G94059755
11078/77	0.0	ASOCIACIÓN FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN	G27728658
11084/77	6.0	ASOCIACIÓN DIVERSIDADES	G27783950
11097/77	9.1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	G36837433

ENTIDADES QUE NON ESTÁN DADAS DE ALTA NO REGISTRO DE ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE VIGO			
Nº Expdte.		NOME ENTIDADE	CIF
11061/77		COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA	G36622652
11081/77		FEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE FORMACIÓN, CECAP GALICIA	G15299027

ENTIDADE QUE NON SUBSANARON AS SÚAS SOLICITUDES			
Nº Expdte.	Data da solicitude de subsanación	NOME ENTIDADE	CIF
11042/77	21/07/14	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911
11062/77	27/07/14	ACLUXEGA	G94017829
11068/77	21/07/14	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835
11074/77	23/07/14	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ	G36620854
11085/77	27/07/14	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE COMERCIO DE PONTEVEDRA	V36636959

#### NON SE AXUSTA AOS FINS E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS NA CONVOCATORIAa

Nº Expdte.	Epígrafe RMA	NOME ENTIDADE	CIF
11087/77	1.2	ASOCIACIÓN FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA-AFAGA	G36776920

Incumple o establecido na base PRIMEIRA por cuanto as axudas da convocatoria: " Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade..." A solicitude realizada pola entidade se dirixe en exclusiva a manter o persoal propio da asociación, sin que o seu mantemento sexa imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas polo persoal de nova contratación.

PRESENTADAS FORA DE PRAZO			
Nº Expdte.	Data registro	NOME ENTIDADE	CIF
140093066	28/07/14	ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA AS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691
11091/77	22/07/14	AFAMI-ASOCIACIÓN DE FUTBOL AFICIONADO DE VIGO	G36998227

- Valorar o resto das solicitudes conforme a cláusula Décima, cos seguintes resultados:

TIPO I (VECIAIS - CULTURAI)

NOME ENTIDADE	CIF	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 30 puntos			TOTAL
		Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	
A.V.V CALVARIO	G36648293	8,00	6,50	1,00	1,5	1	18,00
A.VV. PRAZA DA MIÑOCA	G36842284	5,00	6,00	1,00	1	1	14,00
A.V.C.D "SAN XURXO"	G36648988	8,00	7,00	3,00	4,5	1,75	24,25
AVCU-CSCR DE BEADE	G36632081	8,50	8,50	5,00	8,75	5	35,75
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	G36645885	8,00	7,00	2,00	3,5	2	22,50
AGRUP. CENTROS CULTURAI DE VIGO	G36791291	7,00	6,50	8,00	14	7,5	43,00
C.C.V.D. VIGOCENTRO	G27762434	7,00	5,50	4,00	7	3,75	27,25
ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO	G27800861	5,00	6,00	2,00	3	2	18,00
A.VV."O CARBALLO"SÁRDOMA	G36649325	5,00	5,00	1,00	1	1	13,00
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	G36617082	9,00	8,50	9,00	13,5	8,25	47,50

TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)

NOME ENTIDADE	CIF	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 30 puntos			TOTAL PUNTOS
		Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	
CLUB CICLISTA VIGUÉS	G36650885	6,00	5,00	2,00	4	2	19,00
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	G36697324	8,00	7,50	2,00	4	1	22,50
F.P.R. "EL OLIVO"	G36704666	8,50	7,00	1,00	1,75	1	19,25
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	G24452435	8,00	6,00	2,00	3	2	21,00
FUNDACIÓN LUIS TILVE	G15169949	8,50	6,50	2,00	3	2	22,00
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	G15864663	7,00	6,00	3,00	4,5	3	23,50
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	7,00	5,50	2,00	3,5	2	20,00
FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524	8,00	5,00	2,00	3	2	20,00
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	G80468416	7,00	6,50	2,00	3,5	2	21,00
COGAMI	G32115941	8,50	8,50	1,00	1,5	1	20,50
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS	G15545353	7,50	7,00	1,00	1,5	1	18,00
ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA TUY-VIGO	R3600368 I	8,00	6,00	2,00	3	2	21,00
ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	8,00	5,00	1,00	1	1	16,00
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FADEIRO	G36812204	7,00	7,00	3,00	3	2	22,00
ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	G36849883	7,50	5,50	3,00	4,5	3	23,50
EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	G20486825	8,50	8,50	1,00	2	1	21,00
SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DE	G27762921	7,00	6,50	1,00	1	1	16,50
APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PA	G36624120	8,00	8,00	4,00	8	4	32,00
FUNDACIÓN CIP	G15849318	5,00	6,50	3,00	4,5	3	22,00
ASOCIACIÓN XARUMA	G27746486	7,00	7,00	5,00	7,5	4	30,50

TIPO III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

NOME ENTIDADE	CIF	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 30 puntos			TOTAL PUNTOS
		Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	
UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	G15383011	8,00	8,00	3,00	6	3	28,00
CIG-UNIÓN COMARCAL DE VIGO	G36706927	8,00	6,00	4,00	8	4	30,00
						TOTAL	58,00

TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

NOME ENTIDADE	CIF	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 30 puntos			TOTAL PUNTOS
		Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	
A.T.R.A	G36614725	8,50	8,50	1,00	1,5	1	20,50
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	G27722883	9,00	9,00	3,00	6	3	30,00
AJEVIGO	G36905040	8,50	8,00	2,00	3,5	2	24,00
AETRAVI	G36847861	7,00	6,50	2,00	2	2	19,50
INSTALECTRA	G36640845	8,50	8,00	2,00	4	2	24,50
ASIME	G36614774	8,00	7,50	2,00	2	2	21,50
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIASAS	G36712701	7,50	8,00	6,00	10,5	6	38,00
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA	G36614907	8,50	8,50	32,00	48	3	47,00
ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (AGAEMP)	G27708379	8,50	8,50	2,00	3	2	24,00
ASETRANSPO	G36627719	8,00	6,00	2,00	4	2	22,00
						TOTAL	271

TIPO V (COMUNIDADES DE MONTES)

NOME ENTIDADE	CIF	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 30 puntos			TOTAL PUNTOS
		Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	
MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	V36840726	9,00	8,00	32,00	48	24	47,00
						TOTAL	47,00

- Realizar a distribución económica entre as solicitudes admitidas, conforme a valoración individual das mesmas e no seu caso os factores correctores que aprobou a comisión de valoración tal e como se indica en cada un dos programas, e axustado en aqueles casos ao importe solicitado por cada entidade cando o mesmo é inferior ao resultado de aplicar o importe calculado para cada punto, cos axustes indicados na acta da Comisión de Valoración, máis a distribución dos créditos non liberados dos programa III Organizacións sindicais (20.000 €), entre o resto dos programas conforme á base Décimo Primeira, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas”, cos mesmos criterios de distribución proporcional utilizados na distribución económica inicial, e posterior distribución do crédito non liberado no Programa IV por importe de 2.721,96 €, que se liberou nos programas I e II, cos mesmos criterios que no caso anterior, queda a proposta de resolución de axudas como sigue:



<b>TIPO I (VECIÑAIS – CULTURAIIS)</b>		
<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>CIF</b>	<b>TOTAL RESOLUCIÓN</b>
<b>A.V.V CALVARIO</b>	<b>G36648293</b>	<b>4.663,01 €</b>
<b>A.VV. PRAZA DA MIÑOCA</b>	<b>G36842284</b>	<b>3.431,77 €</b>
<b>A.V.C.D “SAN XURXO”</b>	<b>G36648988</b>	<b>8.447,44 €</b>
AVCU-CSCR DE BEADE	G36632081	25.642,16 €
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	G36645885	16.138,42 €
AGRUP. CENTROS CULTURAIIS DE VIGO	G36791291	30.842,32 €
C.C.V.D. VIGOCENTRO	G27762434	19.545,42 €
<b>ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO</b>	<b>G27800861</b>	<b>10.870,00 €</b>
<b>A.VV."O CARBALLO" SÁRDOMA</b>	<b>G36649325</b>	<b>3.234,06 €</b>
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	G36617082	34.070,00 €
		<b>156.884,61 €</b>

<b>TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)</b>		
<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>CIF</b>	<b>TOTAL RESOLUCIÓN</b>
<b>CLUB CICLISTA VIGUÉS</b>	<b>G36650885</b>	<b>7.019,64 €</b>
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	G36697324	13.272,23 €
<b>F.P.R. “EL OLIVO”</b>	<b>G36704666</b>	<b>4.655,65 €</b>
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	G24452435	<b>10.446,25 €</b>
FUNDACIÓN LUIS TILVE	G15169949	12.977,29 €
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	G15864663	13.862,11 €
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	11.797,54 €
<b>FUNDACIÓN IGUALARTE</b>	<b>G36427524</b>	<b>6.340,12 €</b>
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	G80468416	12.387,42 €
<b>COGAMI</b>	<b>G32115941</b>	<b>11.090,41 €</b>
<b>FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS</b>	<b>G15545353</b>	<b>4.852,18 €</b>
<b>ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA TUY-VIGO</b>	<b>R3600368 I</b>	<b>9.800,00 €</b>
<b>ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA</b>	<b>G36044295</b>	<b>5.253,85 €</b>
<b>ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FIADAIRO</b>	<b>G36812204</b>	<b>6.463,00 €</b>
<b>ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO</b>	<b>G36849883</b>	<b>11.625,36 €</b>
EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	G20486825	12.387,42 €
<b>SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO</b>	<b>G27762921</b>	<b>5.434,43 €</b>
APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISACIÓN	G36624120	18.876,06 €
FUNDACIÓN CIP	G15849318	12.977,29 €
ASOCIACIÓN XARUMA	G27746486	17.991,25 €
		<b>209.509,49 €</b>

TIPO III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	G15383011	40.000,00 €
CIG-UNIÓN COMARCAL DE VIGO	G36706927	40.000,00 €
		<b>80.000,00 €</b>

TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
A.T.R.A	G36614725	12.294,30 €
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	G27722883	39.203,33 €
AJEVIGO	G36905040	20.635,62 €
AETRAVI	G36847861	6.070,16 €
INSTALECTRA	G36640845	21.677,62 €
ASIME	G36614774	10.096,21 €
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIESAS	G36712701	23.674,81 €
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA	G36614907	40.000,00 €
ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (AGAEMP)	G27708379	11.952,66 €
ASETRANSPO	G36627719	18.001,20 €
		<b>203.605,90 €</b>

TIPO V (COMUNIDADES DE MONTES)

10.7

NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	V36840726	145.000,00 €
		<b>145.000,00 €</b>

- *Modificar os periodos de contratación e xornada laboral das solicitudes que non acadaron o 100% da súa solicitude:*

TIPO I (VECÍNAIS - CULTURAI)	INFORMACIÓN SOLICITUDE		Redución do periodo de contratación				
	Nº Traballadore	Categoría	Meses	Días	Xornada	Meses	Xornada
AVCU-CSCR DE BEADE	1	MONITOR TIEMPO LIBRE	4,00		50,00%		
	1	AUX ADMINISTRATIVO	3,00		75,00%		
	1	OFICIAL DE 1ª	5,00		100,00%		
	1	OFICIAL DE 1ª	2,00		100,00%	1	75,00%
	1	AUXILIAR BIBLIOTECA	5,00		50,00%		
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>							

TIPO I (VECIAÑAIS - CULTURAI)	INFORMACIÓN SOLICITUDE		Redución do periodo de contratación	
	Nº Trabajadore	Categoría	Meses	Días
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	1	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	3,79	113,82
	1	TÈC. ANIMACIÓN SOC-C	3,79	113,82
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
AGRUP. CENTROS CULTURAI DE VIGO	2	PERSONAL MANTENIMENTO	3,22	96,48
	4	AUX. ADMINISTRATIVO	3,22	96,48
	1	AUX. ADMINISTRATIVO	3,22	96,48
	1	DOCENTE	3,22	96,48
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
C.C.V.D. VIGOCENTRO	1	MONITOR	3,59	107,74
	2	AUX. ADMINISTRATIVO	3,59	107,74
	1	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	3,59	107,74
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	1	AUX. ADMINISTRATIVO	4,28	128,41
	1	CONTABLE	4,28	128,41
	1	AUX. BIBLIOTECA	4,28	128,41
	1	AUX. LIMPIEZA	4,28	128,41
	1	AUX. TOPOGRAFÍA	1,71	51,36
	1	HISTORIADOR-XENEALOXISTA	1,71	51,36
	1	TRABALLADOR SOCIAL	1,71	51,36
	1	TÈCNICO ESPECIALISTA	1,71	51,36
	1	OPERARIO MANTENIMIENTO	2,14	64,20
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				

TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)	INFORMACIÓN SOLICITUDE							Redución do periodo de contratación		
	Nº Trabajadore	Categoría	Salario	Seg.Soc.	Meses de contratación	Importe SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	% SOBRE A SOLICITUDE	Meses	Días
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN		2T.G.M.	15365,75	5009,20	5	20.374,95 €			3,26	97,71
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			15365,75	5009,20		20.374,95 €	13.272,23 €	65,14%		
FUNDACIÓN LUIS TILVE		2TECNICO MEDIO	11675,78	3646,62	3	15.322,40 €			2,54	76,23
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			11675,78	3646,62		15.322,40 €	12.977,29 €	84,69%		
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL		1LICENCIADO	4651,44	1448,58	3	6.100,02 €			2,54	76,23
		1LICENCIADO	4651,44	1448,58	3	6.100,02 €			2,54	76,23
		1LICENCIADO	4651,44	1448,58	3	6.100,02 €			2,54	76,23
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			13954,32	4345,74		18.300,06 €	13.862,11 €	75,75%		
ASOC. DE BULIMIA E AVOREXIA DE PONTEVEDRA		1LIC. PSICOLOGÍA	8280,24	3719,76	4	12.000,00 €			1,97	58,99
		1RECEPCIONISTA	8280,24	3719,75	4	11.999,99 €			1,97	58,99
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			16560,48	7439,51		23.999,99 €	11.797,54 €	49,16%		
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN		1TEC. DE FORMACIÓN	7719,71	2168,57	4	9.888,28 €			2,87	86,21
		1TEC. DE FORMACIÓN	5741,94	1612,98	3	7.354,92 €			2,16	64,66
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			13461,65	3781,55		17.243,20 €	12.387,42 €	71,84%		
EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL		1TEC. MEDIO	8371,15	1152,95	5	9.524,10 €			3,89	116,67
		1TEC. MEDIO - RESPONSABLE	4872,58	1529,98	5	6.402,56 €			3,89	116,67
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			13243,73	2682,93		15.926,66 €	12.387,42 €	77,78%		
APAMIP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CE		3COIDADOR	15636,75	6671,00	5	22.307,75 €			3,24	97,28
		1OFICIAL DE 1ª ADMINISTRATIVO	5145,25	1651,70	5	6.796,95 €			3,24	97,28
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			20782,00	6671,00		29.104,70 €	18.876,06 €	64,86%		
ASOCIACIÓN XARUMA		1TRABALLADOR SOCIAL	6088,68	2131,04	5	8.219,72 €			4,71	141,35
		1MONITOR/ANIMADOR	2858,70	1000,55	5	3.859,25 €			4,71	141,35
		1MONITOR/ANIMADOR	2235,00	782,25	5	3.017,25 €			4,71	141,35
		1EDUCADOR MEDIOAMBIENTAL	2347,88	821,76	2	3.169,64 €			1,88	56,54
		1AUXILIAR	612,00	214,20	2	826,20 €			1,88	56,54
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			14142,26	4949,80		19.092,06 €	17.991,25 €	94,23%		

## ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local. De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

## RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA)

Á vista do exposto, de conformidade coa base décimo primeira.8 da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 127.g) da LMMGL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

ASOCIACIONES CON EPÍGRAFE QUE NON SE CORRESPONDE COS RELACIONADOS NAS BASES			
Nº Expdte.	Epígrafe RMA	NOME ENTIDADE	CIF
11029/77	9.1	ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	G36657336
11063/77	0.0	ASOCIACIÓN INTEGRACIÓN	G94059755
11078/77	0.0	ASOCIACIÓN FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN	G27728658
11084/77	6.0	ASOCIACIÓN DIVERSIDADES	G27783950
11097/77	9.1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	G36837433

ENTIDADES QUE NON ESTÁN DADAS DE ALTA NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO			
Nº Expdte.		NOME ENTIDADE	CIF
11061/77		COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA	G36622652
11081/77		FEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE FORMACIÓN, CECAP GALICIA	G15299027

ENTIDADE QUE NON SUBSANARON AS SÚAS SOLICITUDES			
Nº Expdte.	Data da solicitude de subsanación	NOME ENTIDADE	CIF
11042/77	21/07/14	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911
11062/77	27/07/14	ACLUXEGA	G94017829
11068/77	21/07/14	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835
11074/77	23/07/14	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ	G36620854
11085/77	27/07/14	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE COMERCIO DE PONTEVEDRA	V36636959

#### NON SE AXUSTA AOS FINS E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS NA CONVOCATORIAa

Nº Expdte.	Epígrafe RMA	NOME ENTIDADE	CIF
11087/77	1.2	ASOCIACIÓN FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA-AFAGA	G36776920

Incumple o establecido na base PRIMEIRA por cuanto as axudas da convocatoria: " Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social de cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade..." A solicitude realizada pola entidade se dirixe en exclusiva a manter o persoal propio da asociación, sin que o seu mantemento sexa imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas polo persoal de nova contratación.

PRESENTADAS FORA DE PRAZO			
Nº Expdte.	Data rexistro	NOME ENTIDADE	CIF
140093066	28/07/14	ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA AS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691
11091/77	22/07/14	AFAVI-ASOCIACIÓN DE FUTBOL AFICIONADO DE VIGO	G36998227

**SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros)**

<b>TIPO I (VECIÑAIS - CULTURAI)</b>		
<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>CIF</b>	<b>TOTAL RESOLUCIÓN</b>
A.V.V CALVARIO	G36648293	4.663,01 €
A.VV. PRAZA DA MIÑOCA	G36842284	3.431,77 €
A.V.C.D "SAN XURXO"	G36648988	8.447,44 €
AVCU-CSCR DE BEADE	G36632081	25.642,16 €
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	G36645885	16.138,42 €
AGRUP. CENTROS CULTURAI DE VIGO	G36791291	30.842,32 €
C.C.V.D. VIGOCENTRO	G27762434	19.545,42 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO	G27800861	10.870,00 €
A.VV."O CARBALLO"SÁRDOMA	G36649325	3.234,06 €
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	G36617082	34.070,00 €
		<b>156.884,61 €</b>

<b>TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)</b>		
<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>CIF</b>	<b>TOTAL RESOLUCIÓN</b>
CLUB CICLISTA VIGUÉS	G36650885	7.019,64 €
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	G36697324	13.272,23 €
F.P.R. "EL OLIVO"	G36704666	4.655,65 €
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	G24452435	10.446,25 €
FUNDACIÓN LUIS TILVE	G15169949	12.977,29 €
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	G15864663	13.862,11 €
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	11.797,54 €
FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524	6.340,12 €
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	G80468416	12.387,42 €
COGAMI	G32115941	11.090,41 €
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS	G15545353	4.852,18 €
ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA TUY-VIGO	R3600368 I	9.800,00 €
ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	5.253,85 €
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FADEIRO	G36812204	6.463,00 €
ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	G36849883	11.625,36 €
EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	G20486825	12.387,42 €
SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO	G27762921	5.434,43 €
APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALIZACIÓN	G36624120	18.876,06 €
FUNDACIÓN CIP	G15849318	12.977,29 €
ASOCIACIÓN XARUMA	G27746486	17.991,25 €
		<b>209.509,49 €</b>

<b>TIPO III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)</b>		
<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>CIF</b>	<b>TOTAL RESOLUCIÓN</b>
UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	G15383011	40.000,00 €
CIG-UNIÓN COMARCAL DE VIGO	G36706927	40.000,00 €
		<b>80.000,00 €</b>

TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)		
NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
A.T.R.A	G36614725	12.294,30 €
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	G27722883	39.203,33 €
AJEVIGO	G36905040	20.635,62 €
AETRAVI	G36847861	6.070,16 €
INSTALECTRA	G36640845	21.677,62 €
ASIME	G36614774	10.096,21 €
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIESAS	G36712701	23.674,81 €
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA	G36614907	40.000,00 €
ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (AGAEMP)	G27708379	11.952,66 €
ASETRANPO	G36627719	18.001,20 €
		<b>203.605,90 €</b>

TIPO V (COMUNIDADES DE MONTES)		
NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	V36840726	145.000,00 €
		<b>145.000,00 €</b>

*TERCEIRO: Modificar os periodos de contratación e xornada laboral das solicitudes que non acadaron o 100% da súa solicitude:*

TIPO I (VECÍNAIS - CULTURAS)	INFORMACIÓN SOLICITUDE		Redución do periodo de contratación				
	Nº Traballadore	Categoría	Meses	Días	Xornada	Meses	Xornada
AVCU-CSCR DE BEADE	1	MONITOR TIEMPO LIBRE	4,00		50,00%		
	1	AUX. ADMINISTRATIVO	3,00		75,00%		
	1	OFICIAL DE 1ª	5,00		100,00%		
	1	OFICIAL DE 1ª	2,00		100,00%	1	75,00%
	1	AUXILIAR BIBLIOTECA	5,00		50,00%		
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>							

TIPO I (VECIAIS - CULTURAS)	INFORMACIÓN SOLICITUDE		Redución do periodo de contratación	
	Nº Traballadore	Categoría	Meses	Días
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	1	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	3,79	113,82
	1	TÈC. ANIMACIÓN SOC-C	3,79	113,82
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
AGRUP. CENTROS CULTURAS DE VIGO	2	PERSOAL MANTEMENTO	3,22	96,48
	4	AUX. ADMINISTRATIVO	3,22	96,48
	1	AUX. ADMINISTRATIVO	3,22	96,48
	1	DOCENTE	3,22	96,48
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
C.C.V.D. VIGOCENTRO	1	MONITOR	3,59	107,74
	2	AUX. ADMINISTRATIVO	3,59	107,74
	1	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	3,59	107,74
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	1	AUX. ADMINISTRATIVO	4,28	128,41
	1	CONTABLE	4,28	128,41
	1	AUX. BIBLIOTECA	4,28	128,41
	1	AUX. LIMPIEZA	4,28	128,41
	1	AUX. TOPOGRAFÍA	1,71	51,36
	1	HISTORIADOR-XENEALOXISTA	1,71	51,36
	1	TRABALLADOR SOCIAL	1,71	51,36
	1	TÈCNICO ESPECIALISTA	1,71	51,36
	1	OPERARIO MANTENIMIENTO	2,14	64,20
	<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>			

TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)	INFORMACIÓN SOLICITUDE		Redución do periodo de contratación	
	Nº Traballadore	Categoría	Meses	Días
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	2	T.G.M.	3,26	97,71
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
FUNDACIÓN LUIS TILVE	2	TECNICO MEDIO	2,54	76,23
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	1	LICENCIADO	2,54	76,23
	1	LICENCIADO	2,54	76,23
	1	LICENCIADO	2,54	76,23
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	1	LIC. PSICOLOGÍA	1,97	58,99
	1	RECEPCIONISTA	1,97	58,99
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	1	TEC. DE FORMACIÓN	2,87	86,21
	1	TEC. DE FORMACIÓN	2,16	64,66
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL	1	TEC. MEDIO	3,89	116,67
	1	TEC. MEDIO – RESPONSABLE	3,89	116,67
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CE	3	COIDADOR	3,24	97,28
	1	OFICIAL DE 1ª ADMINISTRATIVO	3,24	97,28
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				
ASOCIACIÓN XARUMA	1	TRABALLADOR SOCIAL	4,71	141,35
	1	MONITOR/ANIMADOR	4,71	141,35
	1	MONITOR/ANIMADOR	4,71	141,35
	1	EDUCADOR MEDIAMBIENTAL	1,88	56,54
	1	AUXILIAR	1,88	56,54
<b>TOTAL ASOCIACIÓN</b>				



*CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa:*

- 1. De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

*QUINTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1097).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 3.10.14 QUE APROBA O DO PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ (ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO). EXPTE. 2585/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

#### *1.- Antecedentes*

*A Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro, adopta entre outros o seguinte acordo:*

*Aprobar o proxecto redactado pola empresa PETTRA, S.L. para a , "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO", dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO , Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación de SEISCENTOS TRINTA MIL EUROS (630.000,00 €) e un prazo de execución de 7 meses. A financiación das obras será realizada da seguinte maneira:*

- 600.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 1550.619.00.12, "Humanización Juan Ramón Jiménez Camelias M. Pelayo", do orzamento do presente exercicio 2014.*
- O resto dos créditos para a execución da totalidade da obra que se corresponden coa cantidade de 30.000 €, serán con cargo os créditos que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.*

Na proposta de aprobación figura que os redactores do proxecto son:

- ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Santiago N. López Fontán e a ENXEÑEIRA INDUSTRIAL Begoña Arranz González.

Trátase dun erro, xa que como indica o informe de Intervención os redactores do mesmo son:

- ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e o ARQUITECTO Antonio Iglesias Álvaro-García.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

#### PROPOSTA:

1.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro no referente ao punto 1 do mesmo no seguinte senso. Onde figura:

Os redactores do proxecto son:

- ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Santiago N. López Fontán e a ENXEÑEIRA INDUSTRIAL Begoña Arranz González.

Debe figurar:

Os redactores do proxecto son:

- ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Santiago N. López Fontán e o ARQUITECTO Antonio Iglesias Álvaro-García.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1098).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓNS DE RESIDUOS E INICIO DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 2535/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da técnica de Xestión da Área de Fomento, do 7.10.14, conformado polo xefe, o asesor xurídico e o concelleiro-delegado, todos eles de dita Área, que di o seguinte:

“Obras de Humanización da rúa Marqués de Valterra”.

Localidade e situación: RÚA MARQUÉS DE VALTERRA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).

Contratista titular do plan: C.ALDASA, S.L.U.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).

*Autor/a do Plan de seguridade e saúde no traballo: D. PABLO SÁENZ VILLAR (C.ALDASA, S.L.U.).*

*Coordinadores/as de seguridade e saúde durante a execución das obras: D. MANUEL JOSÉ MEIRA CUBA (PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.).*

*Autor/a do Plan de Xestión de Residuos de Construción e Demolición: C.ALDASA, S.L.U.*

#### *Antecedentes*

*I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2013, acordou adxudicar á mercantil ALDASA, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra, por un prezo total de 176.712,50 euros, IVE incluído (expediente nº 2039/440).*

*II.- O 14 de xaneiro de 2014 se subscribiu Acta de comprobación de replanteo, na que se suspende o inicio das obras en tanto é aprobado o preceptivo Plan de Seguridade e Saúde e aperturado o centro de traballo.*

*III.- Como consecuencia da necesidade de executar previamente a renovación da rede de saneamento en dita rúa con cargo ao plan de investimentos da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento Aqualia, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de abril de 2014, acordou a suspensión do inicio de dita obra ata que sexa renovada a rede de saneamento que discorre baixo a beirarrúa a executar coa humanización (expediente nº 2592/443).*

*IV.- Tra-lo informe emitido polo responsable do contrato o 2 de outubro de 2014 no que sinala a necesidade de que ALDASA S.L.U. inicie as obras de humanización da rúa dado o inminente inicio da execución das obras de renovación da rede de saneamento que motivaron a suspensión, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 3 de outubro de 2014, acordou nomear como dirección facultativa da obras ao Técnico municipal D. Álvaro Crespo Casal e levantar a suspensión acordada o 11 de abril de 2014.*

#### *Fundamentos Xurídicos*

*Primeiro.- A cláusula 5.6 e 5.7 do Prego de prescricións técnicas e a cláusula 25 c) do Prego de cláusulas administrativas particulares se refiren ao Plan de Seguridade e Saúde e ao Plan de Xestión de Residuos:*

*En canto ao Plan de Seguridade e Saúde (ao que se refire o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción), prevén que, no prazo de cinco días hábiles contados a partir da data de notificación da adxudicación, o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días hábiles sobre a procedencia da súa aprobación.*

*O Plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado polo Concello de Vigo antes do inicio da obra, previo informe favorable do director da obra ou do coordinador de seguridade e saúde, no seu caso.*

No presente expediente, consta informe favorable de data 31 de xaneiro de 2014 emitido polo Coordinador de Seguridade e Saúde, D. Manuel José Meira Cuba (PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.).

En canto ao Plan de Xestión de Residuos (ao que se refire o artigo 5 do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición), o contratista elaborará un plan de xestión de residuos no que se reflexen como se levarán a cabo as obrigas que lle incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se produzan na obra, que deberá ser aprobado polo Director facultativo e aceptado polo órgano de contratación antes do inicio da obra.

No expediente consta informe da dirección facultativa de data 6 de outubro de 2014, no que aproba o Plan de Xestión de Residuos presentado polo contratista.

Segundo.- O artigo 6.3 do Real Decreto-Lei 1/1986, de 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais, sinala que nas obras de construción incluídas no ámbito de aplicación do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, a comunicación de apertura do centro de traballo deberá ser previa ao comezo dos traballos e se efectuará unicamente polos empresarios que teñan a condición de contratistas con arranxo á indicada lei. O promotor deberá velar polo cumprimento da obriga imposta ao contratista.

Terceiro.- O artigo 140.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, relativo á acta de comprobación de replanteo, sinala que no caso de que o contratista, sin formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fixera outras observacións que puideran afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, xustificándoo na propia acta. Na Acta de comprobación de replanteo, suscrita o 14 de xaneiro de 2014, consta que a autorización para o inicio das obras queda sometida á condición suspensiva que supón a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde.

Dado que a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 3 de outubro de 2014 levantou a suspensión acordada o 11 de abril de 2014, unha vez aprobado o Plan de Seguridade e Saúde e aceptado o Plan de Xestión de Residuos, non existe causa que impida a iniciación das obras.

Polo exposto anteriormente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das "obras de humanización da rúa Marqués de Valterra" redactado e presentado pola empresa adxudicataria ALDASA, S.L.U.
2. Aceptar o Plan de Xestión de Residuos redactado e presentado pola empresa adxudicataria ALDASA, S.L.U. para a execución das "obras de humanización da rúa Marqués de Valterra".
3. Autorizar a ALDASA, S.L.U., na súa calidade de adxudicatario, o inicio das obras.

*O prazo de execución comezará a contar dende o día seguinte ao da notificación a empresa adxudicataria da presente resolución.*

4. *Da presente resolución daráselle traslado á empresa adxudicataria ALDASA, S.L.U., a cal a súa vez xunto co Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevé a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas interviñentes ou concorrentes na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar, por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

*Xunto co Plan de Seguridade e Saúde, a adxudicataria debe comunicar á autoridade laboral competente a apertura do centro de traballo previo ao comezo das obras.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.